

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 7 DE AGOSTO DE 2025 EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA POLA QUENDA LIBRE PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA EN PROPIEDAD DE ORIENTADOR/A LABORAL, GRUPO A2, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DESTE CONCELLO DE LALÍN.

EXPEDIENTE: 1415/2025.

ASISTENTES:

Presidente: Manuel Carramal Silva.

Secretario : María Brea Mella.

Vogal : Antonio Santos Guerra

María Teresa Rocha Blanco

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quorum.

Con data do 17 de xullo de 2025 e sendo as 10:30 reuniuse o Tribunal Cualificador mencionado anteriormente, do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Orientador/a Laboral, grupo A2, escala Administración Especial, subescala Técnica deste Concello de Lalín.

1.- CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL

Por Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2025, procedeuse á aprobación das bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre dunha (1) praza de Orientador/a Laboral, grupo A2, escala Administración Especial, subescala Técnica, do Concello de Lalín,

Asemade, mediante a Acta emitida por este Tribunal con data 03/07/2025, convocouse aos aspirantes que superaron a primeira proba (tipo test) para a realización da segunda proba que tería lugar o día 17/07/2025 ás 11.00 h EDIFICIO POLIVALENTE DO MANUEL RIVERO - Rúa Manuel Rivero, 1, 36500 Lalín, Pontevedra

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de poder organizar a elaboración deste segundo exercicio da fase de oposición.



2.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo coa base Décima das que regulan o proceso selectivo en cuestión, o Segundo exercicio: Segundo exercicio:

“Consistirá en desenvolver por escrito dez preguntas cortas, dentro do temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a determinar polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. O tempo máximo para a realización do presente exercicio será de dúas horas.

O Tribunal cualificará o exercicio avaliando, ademais dos coñecementos, a claridade, orde e capacidade de relación de ideas, a calidade de exposición escrita, a capacidade de síntese así como a achega persoal. A lectura deste exercicio poderá ser acordada polo Tribunal para o que convocará aos aspirantes para ese efecto. A inasistencia dos aspirantes á lectura determinará a súa exclusión do procedemento. O Tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante sobre a materia obxecto do mesmo durante un prazo máximo de quince minutos. A proba ou exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, requirindo alcanzar a puntuación mínima de 5 puntos para ser aprobado.”

Por ende este Tribunal determina que:

De acordo coas bases reguladoras do proceso selectivo en cuestión o segundo exame consiste en desenvolver por escrito dez preguntas cortas, dentro do temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a determinar polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. O tempo máximo para a realización do presente exercicio será de dúas horas.

Por acordo dos membros do tribunal acórdase que para a elaboración do exame cada membro do tribunal propoña dúas preguntas procedéndose á composición do mesmo así como a impresión de tantas copias como aspirantes ao proceso selectivo que obtiveron a condición de persoas aptas no primeiro exercicio. Estas son introducidas nun sobre pechado e asinado na solapa polo Secretario do Tribunal. Tamén que cada pregunta teña a mesma puntuación: 1,00 punto.

Por outra banda, cada membro do Tribunal achega o contido da resposta que é considerada axeitada á pregunta formulada.

3.- ANONIMATO DOS ASPIRANTES.

Acórdase establecer un sistema de códigos aleatorios có fin de garantir o anonimato das persoas aspirantes.



4.- REALIZACIÓN DA PROBA

Sendo as 10:45h, os membros do Tribunal diríxense cara o lugar de celebración do exame e proceden a efectuar o chamamento das persoas aspirantes.

Ás 11:11 h comenza a realización da segunda proba do proceso selectivo, tendo unha duración de 120 minutos e rematando, polo tanto, ás 13.11 h.

Das 9 persoas convocadas, presentáronse 7.

5.- CORRECCIÓN DA PROBA

Os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.

As puntuacións provisionais acadadas polos aspirantes nesta proba, son as seguintes:

Número de código	Puntuación
VoTXRs	7,75
mHCZXx	6,25
f5EU9r	6,00
m9jL2w	5,50
yHB5if	4,50
rCdCJo	4,50
dNsUvN	2,50

En relación con dita proba, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de cinco días hábiles, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta acta que se publicará na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

